



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 2 DE DECEMBRO 2017.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Antonio Alemparte Gonzalvo
José Luis Faro Fortes
Fernando Fernández Rey
Jesus Expósito Alonso
Pedro Outón Nieto
Raul Leirós Gutierrez
Angel Gómez Gómez

ESTAMENTO DE TÉCNICOS

Katya Sanz Ochoa

ESTAMENTO DE ÁRBITROS

Xosé Lois Freixeiro López
Manuel Domínguez Iglesias

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes
Club Montaña Ferrol
Club Montañeiros Celtas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Xistra
Club de Montaña Xesteiras
Club de Montaña Azimut
Club de Montaña Ribeira Sacra

Félix Criado Alonso (Presidente)
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Lourdes Castiñeiras Souto (Presidente)
Carlos Garrido Costas (Presidente)
X. Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Xosé A. Abal Nartallo (Presidente)
Luis Arocas Fernández (Presidente)
X. Antón Vázquez Pérez

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez
Manuel Domínguez Iglesias
David Pérez Araujo
José Manuel Pérez Prego
Xosé Carlos Rodríguez Pérez
Finí Maestu Almeida

Tesoureiro
Secretario Xeral e Coordinador Árbitros CxM
Director da E.G.A.M.
Director Técnico da F.G.M.
Vocal de Refuxios
Vocal Promoción Montañismo Feminino

- **Apertura da Asemblea.**

En segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes.

- **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

Dado que a acta anterior foi remitida con anterioridade, se pregunta si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

Comentario do Sr. Outón para que se engada no acta anterior que indica que a comisión nomeada pola comisión delegada para a elaboración dun informe respecto ao Regulamento da EGAM xa fixo o seu traballo, entregando o mesmo a comisión delegada e esta a súa vez a Xunta directiva para a súa valoración sin resposta ate o momento.

O Sr. Adolfo Puch comenta que isto e debido aos cambios que se están a producir na EGAM e que se está a expectativa de como queda para abordar este asunto de novo.

O Sr. Luis Arocas apunta na asemblea do que se revisen as actas anteriores e se restableza a Xuntanza de Escaladores no Calendario de actividades 2018.

Sr. Garrido apunta que se engada a acta anterior no apartado da proposta de cuota de club, que quedou sen efecto por falta de aprobación a medida proposta polo Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia.



Apróbase o acta coas anotacións descritas anteriormente, e de seguido procedese a desenrolar a orde do día que se cambia de orde procedéndose en primeiro lugar a lectura do calendario 2018.

• **Calendario 2018.**

Toma a palabra o Sr. Adolfo Puch, procedendo a leer o calendario previsto para o ano 2018 e as novidades nas diferentes actividades.

A maioría dos asistentes solicitan que o calendario sexa enviado aos compoñentes da asemblea con antelación suficiente, para que poida ser valorado e proceder a súa aprobación aínda que non estea completo. Solicitan tamén que se envíe a todos os clubs para que poidan optar a organización de actividades tradicionais, xa que os clubs que non forman parte da asemblea non teñen posibilidade de organizar.

O Sr. Henrique Freixeiro solicita unha reunión urxente sobre a organización das probas de andainas de Media Distancia que non figuran no calendario xa que non ten a seguridade de que se poidan realizar.

O Sr. Felix Criado se queixa de que recibe a información relativa a asemblea con pouca antelación para que poida ser avaliada. Así mesmo solicita que se lle informe a que e debida a eliminación do campionato de escalada infantil do calendario. Se lle informa, que será consultado aos responsables do área de escalada para aclarar cal e o motivo, que máis que nada parece un malentendido entre estas persoas e os organizadores desas probas.

Procedense a incluír, a petición da asemblea, no calendario, as probas de escalada base ou probas alternativas se procedese, nas mesmas condicións do ano anterior, así como o campamento infantil.

O Sr. José Manuel Pérez procede a explicar o Campionato de España de escalada en idade escolar FEDME categoría cadetes que foi asignado a FGM para a súa organización polo CSD.

O Sr. Garrido comenta a falta de información sobre o calendario de actividades e a asignación de actividades aos Clubs.

O Sr. David Pérez solicita aos Clubs que abogan e defenden a actividade infantil, respondan cando se lles solicitan suxerencias neste ámbito. A enquisa realizada neste aspecto, soamente responderon 2 clubs.

O Sr. Criado expón que o seu Club solicitou o cambio de data do campionato infantil e xuvenil e que non se lle permitiu, solicita que se lle aclare esta situación.

O calendario de actividades queda aprobado pola asemblea coa inclusión das actividades infantís descritas anteriormente por 11 votos a favor, 4 votos en contra e 2 abstencións.

• **Orzamentos 2018.**

Ó comezo de este capítulo toma a palabra o Sr. Fandiño para explicar as novidades do orzamento respecto dos anos anteriores coas novas partidas orzamentarias.

O Sr. Angel Gómez comenta a diferenza que existe nas partidas de gastos e ingresos pertencentes a algunhas actividades, comparándoas coas actividades competitivas que producen moito gasto e apenas retorno económico.

A Sra. Katya Sanz solicita que se invirta non soamente en tecnificación de escalada, senón que se reparta o importe de tecnificación tamén coa promoción desta actividade deportiva.

O Sr. Criado expón que considera que os orzamentos non son coherentes, están desequilibrados e que algunhas partidas son ridículas.

Aparece no orzamento un ingreso de 2000€ de promoción infantil incorrecto que se anula.

Inclúese unha partida de 800€ para a promoción de marcha nórdica.

Corríxese o orzamento para incluír o campionato de escalada base e o campamento infantil.

A asemblea procede a aprobar o orzamento 2018 coas modificacións indicadas, por 15 votos a favor, 2 votos en contra e 2 abstencións.



A Asemblea suxire que se estudie na Xunta Directiva o cobro dunha cuota as entidades organizadoras de Copas e Campionatos Galegos Federativos.

• **Prezos licencias federativas.**

Toma a palabra o Sr. Puch para explicar o prezo das licencias para o ano 2018 e a inclusión dunha nova licencia de ámbito autonómico.

O Sr. Garrido expresa non estar de acordo coa subida por redondeo ao alza a 1,00€ do prezo das licencias.

Os Sres. Henrique e Xosé Lois Freixeiro expoñen non estar de acordo coa creación dunha licencia autonómica, indicando que é unha acción que fará perder peso a FGM ante a FEDME.

A asemblea aproba os prezos das licencias expostos por 11 votos a favor, 5 votos en contra e 1 abstención.

• **Comisión Baremo**

O Sr. Domínguez explica o baremo resultante da comisión encargada pola asemblea para este asunto, e que foi aprobado despois de 2 reunións de traballo para ser presentado ante a asemblea para a súa aprobación definitiva e posta en marcha.

O Sr. Garrido do Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, comenta que aínda hai que matizar que actividades poden puntuar neste baremo e con que puntos, quedando posposta a votación para outra asemblea, e así poder aclarar que actividades puntúan e como.

Rogos e preguntas.

Comunícase a inclusión na Xunta Directiva da FGM de Xosé Manuel Otero Fenández como Vocal de Alpinismo e Cecilia García Carrara como Vocal de Marcha Nórdica, sin oposición por ningún dos membros presentes da asemblea.

Dase por concluída a Asemblea Ordinaria as 14:45h

Adolfo Puch Domínguez
Presidente



Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral